



ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2025/10	O Pleno
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	

Tipo Convocatoria:

Extraordinaria

Motivo: «Necesidade de que a norma entre en vigor para o ano 2026 .»

Data:

30 de outubro de 2025

Duración:

Desde las 9:30 hasta las 10:20

Lugar:

Sala de sesións da Casa Consistorial

Presidida por:

Marisol Morandeira Morandeira

Secretario:

Pablo Portela Fernández

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
33559345E	Alexandre Losada Buide	SÍ
76578117P	Alfonso Losada Rodríguez	NON
33860503H	Carlos Placido Bujan Lopez	SÍ
33314153X	Jose Manuel López Rodriguez	SÍ
32818707F	MONICA IGLESIAS PREGO	SÍ
33317846T	Maria Margarita Pereira López	SÍ
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
76576129K	María Guadalupe Prado Tomé	NON
76576366M	Mónica Roca Ares	SÍ
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ
33317872A	Pilar Vazquez Ares	SÍ





76584155C	Ramón Rivas Villares	SÍ
76577542P	SOFIA SANCHEZ MIRAGAYA	SÍ
33538075G	Ivan Morado Corral	SÍ

Escusas de asistencia presentadas:

1. Alfonso Losada Rodríguez:
«Baixa médica»
2. María Guadalupe Prado Tomé:
«Baixa médica»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA	
Expediente 1097/2025.MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL DA TAXA DE PRESTACION DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DO LIXO	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 4, Abstencións: 0, Ausentes: 2

<< Feitos e fundamentos de dereito:

Expediente de modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbáns.

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vista a providencia de alcaldía de data 29/09/2025 de incoación de expediente de modificación da ordenanza fiscal da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbáns, debido a adaptación a normativa vixente da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para una economía circular e aos custos do servizo de recollida e tratamento de lixo.

Visto o informe 2025-0381 de 17/09/2025 técnico económico da modificación da taxa emitido pola intervención municipal sobre os custes do servizo e os ingresos actuais do mesmo.

Visto o informe 2025-0176 de 17/10/2025 xurídico sobre o procedemento de modificación da ordenanza fiscal

Considerando o disposto nos artigos 15 a 19, 57, e 20.3 s) e 101 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo RDL 2/2004 de 5 de marzo.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d), 25.2, 47.1, 49, 65.2 e 70.2 da Lei





7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e concordantes da Lei de administración local de Galicia, Lei 5/1997 do 22 de xullo.

Vista a proposta de resolución PR/2025/997 de 17 de outubro de 2025 fiscalizada favorablemente con data de 17 de outubro de 2025.

Resolución:

O Pleno da corporación cos votos favorables do PSOE e cos votos en contra do PP e do BNG, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbáns, no relativo ao seu artigo.5 que quedará redactado co seguinte tenor literal:

“ Artigo 5 TARIFAS

A cota tributaria é o resultado da aplicación das seguintes tarifas:

	TARIFA ANUAL	TARIFA TRIMESTRAL
TARIFA NORMAL		
Vivenda zona urbana	105,00	26,25
Vivenda zona rural	79,00	19,75
Hoteis, hostais e moteis, que só presten servizo de almuerzo (€/habitación)	10,00	2,50
Hoteis, hostais e moteis con servizo de restaurante (€/habitación)	25,00	6,25
Restaurantes, mesóns e casas de comida	300,00	75,00
Cafeterías, bares e tabernas	300,00	75,00
Pubs, whisquerías, clubs, discotecas, salas de baile, bingo, cines e similares	350,40	87,60
Supermercados e asimilados	697,60	174,40
Tendas, froiterías, pescaderías e outros establecementos de alimentación ao por menor	162,40	40,60
Comercios en xeral ao por menor, peruquerías e asimilados	105,00	26,25
Despachos profesionais	200,00	50,00
Entidades financeiras	337,20	84,30
Talleres ata 250 m2	224,80	56,20
Talleres de máis de 250 m2	300,00	75,00





Industrias e fábricas	202,00	50,50
Farmacias, parafarmacias ou similares	176,00	44,00
Hospitais, clínicas, residencias ou Similares	272,00	68,00
Centros de ensino privados de todo tipo	200,00	50,00
Tanatorios	375,00	93,75
Gasolineras	600,00	150,00
Areas-estacións de servizo	2.282,00	570,50
TARIFA ESPECIAL		
Superficie sobre a que se actúa supera os 4.000 m2	7.500,00	1.875,00

No caso de que un establecemento conte con máis ducha actividade, cotizará por cada unha delas. Para os efectos desta taxa se entenderá como superficie a computable tal e como se define na Tarifa e Instrución do Imposto sobre Actividades Económicas (Real Decreto Legislativo 1.175/1990, de 28 de setembro), que é o epígrafe que se terá en conta para aplicación desta taxa.

Aos efectos de diferenciar as vivendas de zona rural e as vivendas de zona urbana, se estará aos plans de delimitación da ordenación urbana aprobados polo concello de Guitiriz, que para a zona urbana de Guitiriz é o plan de delimitación OU66 e para a zona urbana de Parga é plan de delimitación OU75.

Considérase Tarifa especial, as instalacións que constitúan complexos de servizos, nos que se desenvolvan varias actividades pero por un único suxeito pasivo e os servizos municipais de recollida do lixo teñan que desenvolver tarefas de barrido, selección e acopia ou almacenamento dos refugallo procedentes de tales complexos, nunha superficie mínima de 4000 m2, (fóra dos espazos construídos e valados) para acarrealos e introducilos nos colectores dispostos pola administración municipal.

A esta respecto, nesta ordenanza determínase que ten a condición ou singularidade prevista neste epígrafe especial o complexo da área de servizo A6, neste termo municipal de Guitiriz, sen prexuízo doutros supostos ós que poda resultar de aplicación e que se determinen con ocasión de aprobar o padrón do lixo.

A aplicación desta tarifa especial é compatible coa aplicación de calquera das outras que constan no cadro tarifario precedente.

SEGUNDO.- Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días mediante





a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións, a modificación da ordenanza se considerará definitivamente aprobada.>>

Expediente 337/2024. Contratacións	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 4, Abstencións: 0, Ausentes: 2

<< Feitos e fundamentos de dereito:

Autorización subcontratación parcial polo adxudicatario “Alisea Esco SA” de parte da prestación/execución do Contrato dos Servizos Enerxéticos do Alumeado Exterior e dos Edificios Municipais do Concello de Guitiriz. Expte. 337/2024.

Dona Maria Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

- Acordo plenario de data 28/02/2025 de adxudicación do contrato de servizos enerxéticos do alumeado exterior e os edificios municipais do Concello de Guitiriz a Alisea Esco SA.
- Documentación presentada por Alisea Esco S.L. con datas 14/07/2025 e 13/08/2025, en calidade de adxudicataria do contrato dos servizos enerxéticos do alumeado exterior e dos edificios municipais do Concello de Guitiriz comunicando a subcontratación do mantemento e montaxe das inversións a Electricidad Codesal y Vazquez S.C.

Considerando o disposto na seguinte lexislación aplicable:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- O Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos del Sector Público.
- Artigos vixentes do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, na Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e no RD 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Vista a documentación presentada en cumprimento da previsión do artigo 215 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público LCSP e 24 do PCAP.

De conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda da LCSP e 24 do PCAP.

Resolución:





O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE e cos votos en contra do PP e do BNG , adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Autorizar a subcontración parcial das prestacións P2 e P4 do PCAP, que se detallan a continuación a entidade Electricidad Codesal y Vazquez, Sociedade Civil, con CIF J27495290, con representación de Don Miguel Vazquez Seoane e Don Ruben Codesal Lodeiro, sendo o contido concreto das prestacións a subcontratar as seguintes:

Prestación P2- Mantenimiento: Ejecución de las tareas de mantenimiento preventivo para lograr el perfecto funcionamiento y rendimiento de las instalaciones de alumbrado exterior y de los edificios municipales, y de todos sus componentes, incluida la limpieza periódica de las luminarias, todo ello de acuerdo con las prescripciones de la ITC-EA-06 del REEIAE.

Prestación P4- Montaxe das inversións da prestación P4 inversións en melloras.

SEGUNDO.- Os subcontratistas quedarán obrigados só ante o contratista principal que asumirá, por tanto, a total responsabilidade da execución do contrato fronte á Administración, con arranxo estrito aos pregos de cláusulas administrativas particulares ou documento descriptivo, e aos termos do contrato; incluído o cumprimento das obrigacións en materia ambiental, social ou laboral a que se refire o artigo 201, así como da obrigación a que fai referencia o último parágrafo do apartado 1 do artigo 202 referida ao sometemento á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución aos interesados.>>

Expediente 1034/2025. Recoñecemento de Compatibilidade tecnico deportes	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

<< Feitos e fundamentos de dereito:

RECOÑECEMENTO DE COMPATIBILIDADE DO PERSOAL AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL PARA DESEMPEÑAR ACTIVIDADES PRIVADAS. MANUEL MARTINEZ GONZÁLEZ (TÉCNICO DE DEPORTES).

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Visto os seguintes antecedentes que constan no expediente:

- Solicitud de compatibilidade para actividades privadas presentada polo empregado público Manuel Martínez González con data 15/09/2025 (E-RC-6863).
- Informe de intervención 2025-0360 de data 25/09/2025.
- Informe xurídico 2025-0168 de data 10/10/2025.

Tendo en conta a seguinte lexislación aplicable:





-Artigo 145 do Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 28 de abril.

-Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal o Servizo das Administracións Públicas.

-Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos ou empresas dependentes.

-Os artigos 16, 95.2.n) e Disposición Final Terceira do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.

-O artigo 50.9 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

A vista dos antecedentes, tendo en conta a normativa de aplicación e a doutrina expostas, procedendo a aprobación o pleno, de conformidade co establecido no artigo 14.2 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, e 50.9 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobada por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e o artigo 22.2.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local Os artigos 22.2.q) e 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Resolución:

O pleno da corporación por unanimidade dos asistentes, cos votos favorables do PSOE, do PP e do BNG, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Recoñecer a Manuel Martínez González a compatibilidade co exercicio da actividade de entrenador no equipo Castro FSF, cos especificacións realizadas na solicitude que se adxunta, por entender que se cumpren os requisitos requeridos pola Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal o Servizo das Administracións Públicas.

SEGUNDO. Notificar o acordo a persoa interesada e os departamentos municipais afectados.>>

B) ACTIVIDADE DE CONTROL
Non hai asuntos
C) ROGOS E PREGUNTAS
Non hai asuntos
Co obxecto do xeral coñecemento e efectos que procedan, fago constar que a literalidade das intervencións producidas durante a celebración da sesión quedaron gravadas en





soporte audiovisual mediante un sistema de video-acta, cuxo arquivo contén a seguinte pegada electrónica que garante a integridade da gravación, do que dou fe:

SHA512 -

08e099c915c9e023c7de1f2eddf96f5781108ae321a7ad13c72c21d835f3c927c3910cf91f5e2
90240bf225a69a9d800d0d14e09300fe783c95e12d5836dc791

O arquivo audiovisual pode visionarse mediante o seguinte enlace:

<https://guitiriz.seneca.tv:443/watch?>

[id=OGQ5OGZjMDQtNmFkZi00ZjM0LTk0YmMtNGJkNzBiZjA5MTg4](https://guitiriz.seneca.tv:443/watch?id=OGQ5OGZjMDQtNmFkZi00ZjM0LTk0YmMtNGJkNzBiZjA5MTg4)

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

